

Actividades para proxectos | Bloque 2 : Creación de contidos

Primaria. 3 a 7 anos

Manualidade colaborativa

	Educación Primaria 3 a 7 anos
	Nivel Medio
	Temporalización 4 a 6 sesións
	Socios 4 a 6 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado dos centros diseña, colorea e decora o elemento que, xunto a todos os do alumnado de todos os centros participantes, darán lugar a unha actividade artística colaborativa.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Colaboración de todos os centros membros a través dunha actividade artística cooperativa.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1:

Préparase a plantilla do elemento, neste caso eliximos a escama porque o tema é “Mascotas” e realizaremos un peixe colaborativo coas escamas que aporte o alumnado de todos os centros socios. Compártese en Materiais-Imaxes do TwinSpace para que todos os centros membros a descarguen.



Paso 2:

O alumnado deseña, colorea e decora dito elemento e o profesorado comparte todas as creacións nunha mesma carpeta “ Sharedscales” en Materiais-Imaxes do TwinSpace.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 3:

O profesorado dos centros membros descarga todas as aportacións do alumnado dos distintos centros membros e elabórase a manualidade colaborativa entre todo o alumnado de cada unha das clases que participan no proxecto. Créase unha páxina no TwinSpace para amosar o proceso da actividade.



Paso 4:

Fotográfanse cada unha das creacións e édítanse engadindo textos en lingua materna ou en inglés. Deste modo o alumnado aprenderá vocabulario relativo ó tema do proxecto nos idiomas dos países participantes.

Paso 5:

Ábrese un taboleiro dixital, no que cada centro sobe unha imaxe da súa creación. No TwinSpace incrustase o taboleiro para que todos poidan observar as

manualidades realizadas colaborativamente coas aportacións de cada un dos alumnos e alumnas participantes no proxecto.



Paso 6:

Todos los socios comentan o desenvolvemento da tarefa no Diario do proxecto.



Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 7:

Descárganse as creacións e engádense ós recantos de cada colexio membro. En ditos recantos vanse recollendo os resultados das distintas actividades que se realizan.



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Fotografías e presentacións do desenvolvemento da actividade no Twinspace e no mural permanente do proxecto.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartir fotos ou vídeos da actividade.
- Taboleiros ou muros dixitais: Lino it: linoit.com ou Padlet: <https://padlet.com>
- Vimeo ou Youtube para a edición e almacenamento de vídeos.
- Para presentacións de fotos
Slideshare:<https://es.slideshare.net> ou Photopeach: <https://photopeach.com>